

PROXECTO OS CASTELOS E A IDADE MEDIA

O alumnado de Educación Infantil do cole está a traballar un proxecto sobre os castelos co cal pretendemos que acaden os seguintes

OBXECTIVOS:

1. Fomentar a capacidade de mostrar curiosidade e investigar sobre diferentes aspectos dos castelos e a Idade Media.
2. Descubrir como xurdiron os castelos e onde e como se construíron.
3. Recoñecer as partes máis importantes dos castelos (murallas, mazmorras, torre da homenaxe, ponte levadiza...).
4. Coñecer quenes eran os habitantes dos castelos e como era a vida dentro deles.
5. Coñecer os medios de defensa cos que contaban os castelos.

CONTIDOS:

- Os castelos e os seus elementos: muros, ponte levadiza, barbacana, almenas, adarve, ventás saeteiras, torres flanqueantes, torre da homenaxe, patio de armas, foso, rastrillo...
- A sociedade medieval: cómo vivían nos castelos.
- Os cabaleiros e as súas armas: armadura, escudo e espada.

METODOLOXÍA.

Para traballar os contidos e lograr acadar os obxectivos plantexados, a metodoloxía de traballo parte de tres ideas principais: Qué sabemos? Qué queremos saber? E Qué podemos facer?

QUÉ SABEMOS?

Nas conversas das asembleas recóllense as ideas previas que teñen sobre o tema.

- a) Qué é un castelo?
- b) Quén vive nun castelo?
- c) Qué partes ten un castelo?

- d) Quenes eran os cabaleiros e as damas?
- e) Cómo era a vida dentro dun castelo?
- f) Cales eran os sistemas de defensa dun castelo?

QUÉ QUEREMOS SABER?

A través de diferentes medios (libros, debuxos, videos, páxinas web, etc) iremos achegándoos ós contados que lles leven ás despostas correctas ás preguntas anteriores.

- ✓ Un castelo é unha fortificación (casa).
- ✓ Nel vivían os señores e os reis. Era moi grande, alto e sólido , para evitar que os inimigos entraran.
- ✓ As principais partes dos castelos son:
 - a) MURALLA: parede moi alta, ancha e sólida que rodea o castelo para evitar que os inimigos entraran.
 - b) ADARVE: camiño que percorrían os soldados na parte superior da muralla.
 - c) RASTRILLO: pesada porta con pinchos que impedía a entrada ó castelo.
 - d) VENTÁ SAETEIRA: ventá moi estreita dende a que se lanzaban frechas e outras armas arroxadizas. Eran estreitas para que non entrasen as armas dos inimigos.
 - e) ALMENAS: cadrados que sobresaían das murallas para protexer ós soldados, que se agochaban detrás.
 - f) FOSO: oco excavado ó redor do castelo que se enchía de auga. A súa misión era a de dificultar o acceso ó castelo.
 - g) PONTE LEVADIZA: ponte mobil con carácter defensivo, que se situaba sobre o foso e que cando se pechaba parecía unha porta.
 - h) PATIO DE ARMAS: zona do patio interior donde se situaban os soldados, cabaleiros, Ferreyros, arqueiros, etc.

i) PATIO DE CABALERÍAS: zona do patio interior donde se situaban as cuadras.

j) MAZMORRAS: prisión situada nos sotos do castelos.

k) TORRE DA HOMENAXE: torre máis alta do castelos donde vivían os nobres e os reis.

- ✓ Un cabaleiro era un nobre que traballaba ó servizo do rei ou doutro señor. Eran moi valentes e educados.
- ✓ A dama era a muller do cabaleiro e sempre estba no castelo facendo boitos traxes e organizando todo o relativo ós banquetes.
- ✓ A armadura era un traxe de metal que o cabaleiro empregaba para a batalla e que lle recubría todo o corpo.
- ✓ Nos castelos non había electricidade. Polas noites alumeábanse con velas e antorchas. Non había cuartos de baño e os reis e os nobres eran os únicos que podían facer pis nun burato no chan que ía a dar a fóra do castelo. O resto da xente facía as súas necesidades nas cuadras ou outros lugares escondidos e logo tapábano con palla.
- ✓ Nos castelos casi ninguén sabía ler nin escribir e os monxes eran os que se adicaban a escribir e copiar libros para que a cultura non se perdese.
- ✓ Na Idade Media todos tiñan que pagar bens ó rei, que era o que máis mandaba. Logo estaban os nobres ou señores, o clero (sacerdotes, monxes, bispos...) os cabaleiros e as damas, os plebeos (zapateiros, Ferreyros, cociñeiros, etc) e por último estaban os servos (que traballaban as terras do señor).
- ✓ Os castelos constrúyanse alto e fortes para que ó inimigo lle resultase difícil conseguir entrar. Ademáis os gardas do

castelo lanzaban frechas, lanzas, pedras e aceite fervendo dende as almenas ós inimigos que intentaban entrar.

QUÉ PODEMOS FACER?

Para traballar os contados levamos a cabo unha serie de actividades como:

- a) Buscar información en Internet, libros...
- b) Intentamos implicar ás familias no proxecto propoñéndolles que aporten á clase calquera cousa relacionada coa Idade Media.
- c) Realizaremos unha saída o 30 de marzo ó Castelo de Santa Cruz en Oleiros (A Coruña).
- d) Levamos a cabo diferentes propostas plásticas